

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 2 de xuño de 2023 pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para cubrir oito prazas da categoría profesional de técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución do 25 de abril de 2023 (DOG do 9 de maio), convocáronse probas selectivas para cubrir oito prazas da categoría profesional de técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de promoción interna. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas pola quenda de promoción interna ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar os defectos que motivasen a exclusión ou a omisión.

Cuarto. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/emendaSeleccPersoalLaboral.htm>

Quinto. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.



Sexto. Nomear, en aplicación da base 5.1 da convocatoria, o tribunal do proceso selectivo. Estará composto polas seguintes persoas:

Tribunal titular:

Presidente:

– José M. Velo García, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Vogais:

– María José Cabanas Rodríguez, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

– Juan M. Trastoy García, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

– Bruno da Cuña Mariño, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Secretaria:

– Alejandra Martínez Maquieira, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Tribunal suplente:

Presidente:

– Rafael Varela Pet, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Vogais:

– María José Dopazo Oubiña, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

– Fernando M. Tabernero Duque, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

– Manuel Bermúdez Blanco, persoal laboral fixo do grupo I da USC.

Secretaria:

– M. Ángeles Lorenzo Periscal, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC, que actuará con voz e voto.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2023

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

